

| PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CEIP CAMPOMAIOR
2023-2024

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL
2023-2024

1. ASPECTOS XERAIS.
 - 1.1. DATOS DO CENTRO.
 - 1.2. OBXECTIVOS PARA O CURSO 2023-2024.
 - 1.3. RECURSOS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS.
 - 1.3.1. RECURSOS HUMANOS.
 - 1.3.2. RECURSOS MATERIAIS.
 - 1.3.2.1. LIBROS DE TEXTO E MATERIAIS DIDÁCTICOS.
 - 1.3.3. RECURSOS ORGANIZATIVOS.
 - 1.4. RELACIÓNS COA COMUNIDADE EDUCATIVA.
2. ASPECTOS ORGANIZATIVOS.
 - 2.1. ALUMNADO: NÚMERO E AGRUPAMENTOS.
 - 2.2. ADSCRICIÓN DO PROFESORADO.
 - 2.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.
 - 2.3.1. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.
 - 2.3.2. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.
 - 2.3.3. EQUIPOS DE CICLO.
 - 2.3.4. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.
 - 2.3.5. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.
 - 2.3.6. EQUIPO DE BIBLIOTECA.
 - 2.3.7. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS TIC.
 - 2.4. ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN.
 - 2.4.1. EQUIPO DIRECTIVO.
 - 2.4.1.1. PLAN DE ACTUACIÓN E OBXECTIVOS DO EQUIPO DIRECTIVO.
 - 2.4.2. ÓRGANOS COLEXIADOS.
 - 2.4.2.1. CLAUSTRO.
 - 2.4.2.2. CONSELLO ESCOLAR.
 - 2.5. FUNCIONAMENTO DO CENTRO.
 - 2.5.1. XORNADA LECTIVA E HORARIO DO CENTRO.
 - 2.5.2. QUENDAS DE VIXIANCIA.
 - 2.5.2.1. GARDAS DE RECREO.
 - 2.5.2.2. GARDA DE TRANSPORTE
 - 2.5.2.3. GARDA DE BIBLIOTECA E REPRESENTACIÓN DO CENTRO.
 - 2.5.3. CALENDARIO DE REUNIÓNS.

- 2.5.4. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.
 - 2.5.4.1. NORMAS XERAIS.
 - 2.5.4.2. ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA ANPA.
 - 2.5.4.3. ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO CONCELLO.
 - 2.5.5. UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.
 - 2.5.6. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.
 - 2.5.6.1. TRANSPORTE ESCOLAR.
 - 2.5.7. CRITERIOS XERAIS TAREFAS EXTRAESCOLARES.
 - 2.5.8. ORGANIZACIÓN DO P.A.S/PERSOAL NON DOCENTE.
3. ASPECTOS CURRICULARES.
- 3.1. CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO.
 - 3.2. PLANS/PROXECTOS DE EXECUCIÓN ANUAL.
 - 3.2.1. PLAN DE LECTURA.
 - 3.2.2. PLAN DE BIBLIOTECA.
 - 3.2.3. PLAN DIXITAL.
 - 3.2.4. PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES.
 - 3.2.5. PLAN DE ORIENTACIÓN.
 - 3.2.5.1. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.
 - 3.2.5.2. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.
 - 3.2.6. PLAN DE IGUALDADE.
 - 3.2.7. PLAN DE COMUNICACIÓN.
 - 3.2.8. PLAN DE CONVIVENCIA.
 - 3.2.9. PLAN DE EVACUACIÓN.
 - 3.2.10. PLAN DE AVALIACIÓN.
 - 3.2.11. PROXECTO LINGÜÍSTICO.
 - 3.3. INICIATIVAS CON CONTINUIDADE.
 - 3.3.1. SECCIÓNS BILINGÜES.
 - 3.3.2. AUXILIAR DE CONVERSA.
 - 3.4. NOVAS INICIATIVAS.
 - 3.4.1. PLAN PROXECTA.
 - 3.4.2. PFPP 2023-2024.
4. ANEXOS.

1. ASPECTOS XERAIS.

1.1. DATOS DO CENTRO.

Código: 15025487

CIF: Q6555105C

Enderezo: Travesa de Campomaioir, s/n. 15680 Ordes (A Coruña)

Teléfono: 881880886-881880888

Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcampaioir/>

Correo electrónico: ceip.campomaioir@edu.xunta.gal

Aula virtual: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcampaioir/aulavirtual/>

1.2. OBXECTIVOS PARA O CURSO 2023-2024.

Específicos para o alumnado:

- Desenvolver nos alumnos e alumnas actitudes sociais básicas para unha axeitada convivencia no marco da escola e da súa comunidade: favorecer a comunicación e o diálogo, a participación activa, o sentido crítico, a responsabilidade, o respecto polas ideas e traballos dos demais, a tolerancia e a cooperación, as actitudes pacíficas na resolución de conflitos ...
- Dotar ao alumnado de instrumentos básicos de aprendizaxe e capacitálo para adquirir os coñecementos, procedementos e actitudes necesarias para interpretar a realidade.
- Desenvolver as experiencias afectivas, motrices, sociais e cognitivas necesarias para identificarse coa cultura e participar na vida social da súa comunidade.
- Concienciar aos alumnos e alumnas sobre a necesidade da perspectiva de xénero no ámbito social, escolar e familiar.
- Apoiar a diversidade do alumnado, procurando o establecemento de medidas de apoio para todo o alumnado NEAE e para todos aqueles que o precisen.

Específicos para as familias:

- Conseguir a colaboración das familias para o correcto cumprimento das dinámicas educativas.
- Apoiar e dinamizar o funcionamento da ANPA.

Específicos profesorado:

- Promover a formación do profesorado.
- Crear un bo ambiente de traballo e relacións humanas afectivas no profesorado, que repercuta en toda a Comunidade Educativa.
- Mellorar a coordinación con todo o equipo docente que traballa en cada nivel.

- Mellorar a competencia dixital da comunidade escolar.
- Estimular o traballo en grupo dos membros do Claustro como medio para lograr unha efectiva organización e coordinación.

Específicos centro:

- Tramitar as solicitudes de participación nos plans e proxectos de innovación educativa (Plan Proxecta, PFPP...).
- Actualizar os documentos do centro que o precisen.
- Darlle máis protagonismo á CCP.
- Colaborar cos axentes culturais do concello.

Específicos Administración:

- Solicitar a atención ás necesidades do centro e mellorar as deficiencias que presentan algunhas instalacións.
- Solicitar a dotación de material e equipamentos do centro.
- Solicitar a dotación de recursos humanos necesarios acorde ás necesidades presentes no centro cada ano. Desenvolver todas aquelas accións que por medio de ordes, circulares ou instrucións cheguen ao centro.

1.3. RECURSOS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS.

1.3.1. RECURSOS HUMANOS.

- No curso 2023-2024 cóntase no centro con vintenove mestres/as que conforman o claustro. Dentro desta relación atoparíase unha mestra itinerante especialista en Audición e Linguaxe, que imparte unicamente dous días de cada semana no noso centro e dúas mestras de Relixión itinerantes que pertencen ao claustro do IES MARUXA MALLO (Ordes) E CEIP PLURILINGÜE CAMIÑO INGLÉS (Sigüeiro).
- Conserxe.
- Administrativa.
- Coidadora.
- Persoal de limpeza: dúas persoas en horario de tarde.
- Contaremos ademais coa participación e a implicación de todos os sectores da comunidade educativa na planificación do centro: ANPA, Consello Escolar, Concello de Ordes, entidades culturais e deportivas...
- Participación das distintas colectividade integradas no Consello Escolar (profesorado, nais e pais, persoal non docente, administración municipal) para a revisión do das NOFC (Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia).
- A participación de todos os membros da comunidade educativa implicados en cada un dos plans e regulamento, obxecto da revisión e actualización.

- Colaboración cos outros centros de ensino público de Ordes, as súas ANPAs, o Concello de Ordes, o CAFI para organizar o PFFP...

1.3.2. RECURSOS MATERIAIS.

- As instalacións do centro.
- Recursos informáticos ofertados pola administración educativa (pantallas dixitais e pizarras dixitais) e outras entidades (tabletas dixitais e portátiles), ademais das adquisicións que poida realizar o propio centro.
- No propio centro: material funxible aportado polo centro e polos propios/as alumnos/as.
- Diverso material doado por familias (xogos, libros, xoguetes).

1.3.2.1. LIBROS DE TEXTO E MATERIAIS DIDÁCTICOS.

O listado de libros de texto e materiais didácticos para o curso 2023-2024 foi enviado á Inspección Educativa no mes de xuño, tal e como indica a normativa vixente, e está publicado na nosa páxina web (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcampaioir/>)

1.3.3. RECURSOS ORGANIZATIVOS.

- Ximnasio e pavillón polideportivo serán empregados polos/as mestres/as de E.F. para impartir as súas clases.
- A aula de usos múltiples utilizarase como aula de música.
- A biblioteca será empregada para diversas funcións cando sexa preciso contar cun espazo.
- Páxina web do centro
- Aula virtual.
- Abalarmóbil.

1.4. RELACIÓNS COA COMUNIDADE EDUCATIVA.

Realizarase unha reunión coas familias por nivel ou grupo (a decisión dos/as titores/as) antes do mes de outubro.

O alumnado de 4º de Educación Infantil desenvolveu, de acordo coa ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, unha incorporación gradual que non se prolongou máis alá do día 15 de setembro de 2023.

O horario de reunións coas familias será os martes de 18:00 – 19:00 h. (previa cita).

2. ASPECTOS ORGANIZATIVOS.

2.1. ALUMNADO: NÚMERO E AGRUPAMENTOS.

Ao inicio do curso 2023-2024 o alumnado total matriculado é: 324 alumnos/as.

4º Inf. - A	16	1º Pri. - A	18
5º Inf. - A	13	1º Pri. - B	19
5º Inf. - B	12	2º Pri. - A	20
6º Inf. - A	19	2º Pri. - B	22
6º Inf. - B	19	3º Pri. - A	19
Total alumando EI:79		3º Pri. - B	20
		4º Pri. - A	24
		4º Pri. - B	23
		5º Pri. - A	20
		5º Pri. - B	19
		6º Pri. - A	21
		6º Pri. - B	20

Total alumnado EP:245

2.2. ADSCRICIÓN DO PROFESORADO.

PROFESORADO	GRUPO	EQUIPO DE CICLO	EQUIPO DE COORDINACIÓN DOCENTE
Estrella Ferreiro Díaz. - Ed. Primaria.	5º EP - A	3º CICLO	EACE
Pedro A. Fernández Couceiro. - Ed. Física (substituído por Pablo Sanjuán Rodríguez)	EF: 4º-5º-6º EP Mat.-Plást.-VSC-PC en 6º EP - A	3º CICLO	BIBLIOTECA
Esther Rodríguez Velasco. - Inglés	5º-6º EI 1º-2º-3º EP	1º CICLO	EDLG

	S.B.-1º EP		
Dolores Corbelle Ferreiro. - Orientación	D.O.	3º CICLO	EACE
Rocío García Vázquez. - Ed. Primaria	4º EP - A	2º CICLO	EDLG
Manuel A. Calvo Santos. - Ed. Primaria	6º EP - B	3º CICLO	EDLG
Eva Mª Carro Vázquez. - Ed. Infantil	4º EI - A	INFANTIL	EDLG
Antonio R. González Vaamonde. - Ed. Primaria	6º EP - A	3º CICLO	TIC
Isabel Fernández Bello. - Ed. Primaria	3º EP - A	2º CICLO	EDLG
Verónica Gómez Blanco. - Ed. Infantil	6º EI - B	INFANTIL	EACE
Marta Costas Álvarez. - Ed. Primaria	3º EP - B	2º CICLO	TIC
Cristina Moar Grobas. - Ed. Primaria	2º EP - B	1º CICLO	BIBLIOTECA
Mónica García García. - Ed. Primaria	1º EP - A	1º CICLO	BIBLIOTECA
Laura Carballido Suárez. - Ed. Infantil	5º EI - A	INFANTIL	TIC
Alberto Calviño Leis. - Ed. Primaria	2º EP - A	1º CICLO	EDLG

(substituído por Iván Grande Fernández)			
Adriana De Francisco Mallo. - Ed. Infantil	6º EI - A	INFANTIL	TIC
María Rozas Alejandro. - Ed. Infantil	APOIO EI	INFANTIL	BIBLIOTECA
Noa Picos Peliquín. - Música	EI/EP	INFANTIL	EACE
Laura Delgado Roel. - Inglés	4º EI 4º-5º- 6º- EP SB 2º EP	2º CICLO	TIC
Isabel Ortigueira España. - Ed. Infantil	5º EI - B	INFANTIL	BIBLIOTECA
Xiana Domínguez Estévez. - Francés	4º EP - B	2º CICLO	BIBLIOTECA
Mónica Cores Vázquez. - PT	PT	1º CICLO	EACE
José Peleteiro Otero. - Ed. Primaria	5º EP - B	3º CICLO	TIC
Maite Blanco Rial. - Ed. Física	EF: 1º- 2º-3º EP Cs- Plást.- PC 3ºEP B	2º CICLO	BIBLIOTECA
Daniel Vázquez Sánchez. - Ed. Primaria	1º EP - B	1º CICLO	TIC
Tania Souto Boquete. - AL	AL	INFANTIL	EACE

2.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.

2.3.1. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓGICA.

COMPOSICIÓN	CARGO/FUNCIÓN
Maite Blanco Rial	Coordinadora 2º ciclo / secretaria da CCP
Alberto Calviño Leis	Coordinador EDLG
Dolores Corbelle Ferreiro	D.O.
Mónica Cores Vázquez	P.T.
Marta Costas Álvarez	Xef. estudos
Adriana De Francisco Mallo	Coordinadora TIC
Estrella Ferreiro Díaz	Coordinadora 3º ciclo
Antonio R. González Vaamonde	Director / presidente da CCP
Isabel Ortigueira España	Coordinadora biblioteca.
Noa Picos Peliquín	Coordinadora EACE
María Rozas Alejadro	Coordinadora Infantil
Tania Souto Boquete	A.L.
Ana Veiras Méndez	A.L.

Obxectivos da CCP para a PXA 2023-2024:

- Asegurar a coherencia entre o proxecto educativo, programación xeral anual e programación didáctica.
- Canalizar as necesidades de Plans de Formación Permanente do Profesorado.
- Establecer as directrices para elaborar as programación didáctica, plan de acción tutorial e adaptacións curriculares.
- Revisar o Plan de Tránsito de 6º de EI a 1º EP.
- Establecer uns criterios comúns na etapa da Educación Primaria.
- Establecer directrices de Proens.
- Elaborar un plan de reforzo.

2.3.2. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

COMPOSICIÓN	CARGO/FUNCIÓN
Mónica Cores Vázquez	Mestra especialista de Pedagogía Terapéutica e coordinadora do primeiro ciclo de Educación Primaria

Tania Souto Boquete	Mestra especialista de Audición e Linguaxe
María Rozas Alejandro	Coordinadora do segundo ciclo de Educación Infantil
Maite Blanco Rial	Coordinadora do segundo ciclo de Educación Primaria
Estrella Ferreiro Díaz	Coordinadora do terceiro ciclo de Educación Primaria
Dolores Corbelle Ferreiro	Orientadora

Obxectivos do equipo para a PXA 2023-2024.

- Desenvolver o Plan do Departamento de Orientación.
- Elaborar material para o alumnado NEAE.
- Revisar e modificar, se é o caso, o Plan de Orientación.

2.3.3. EQUIPOS DE CICLO.

Equipo de Infantil.

COMPOSICIÓN	CARGO/FUNCIÓN
Carro Vázquez, Eva M ^a	Titora 4º de EI
Carballido Suárez, Laura	Titora 5º A de EI
Ortigueira España, Isabel	Titora 5º B de EI
De Francisco Mallo, Adriana	Titora 6º A de EI
Gómez Blanco, Verónica	Titora 6º B de EI
Rozas Alejandro, María	Apoio
Souto Boquete, Tania	Especialista AL
Picos Peliquín, Noa	Especialista Música

Obxectivos do equipo para a PXA 2023-2024.

- Fomentar a relación familia-Centro.
- Seguir fomentando a colaboración entre Infantil e Primaria para a realización de celebracións, conmemoracións, actividades...
- Continuar compartindo experiencias e estratexias entre as mestras do ciclo.
- Fomentar a coordinación entre os diferentes niveis de EI.

- Participar en programas conxuntos coa etapa de Educación Primaria.
- Fomentar a introdución das TIC na vida da aula como unha ferramenta de aprendizaxe.
- Planificar actividades de ciclo con previsión.

Equipo 1º ciclo EP.

COMPOSICIÓN	CARGO/FUNCIÓN
ALBERTO CALVIÑO LEIS	Titor 2º
CRISTINA MOAR GROBAS	Titora 2º
MÓNICA GARCÍA GARCÍA	Titora 1º
DANIEL VÁZQUEZ SÁNCHEZ	Titor 1º
Mª ESTHER RODRÍGUEZ VELASCO	Especialista en lingua estranxeira
MÓNICA CORES VÁZQUEZ	Especialista de Pedagogía Terapéutica

Obxectivos do equipo para a PXA 2023-2024.

- Valorar, colaborar e participar coas propostas dos diferentes equipos.
- Avaliar as diferentes actividades desenvoltas durante o curso.
- Consecución dos obxectivos da etapa de ed. Primaria

Equipo 2º ciclo EP.

COMPOSICIÓN	CARGO/FUNCIÓN
María Isabel Fernández Bello	Titora 3ºA
Marta Costas Álvarez	Titora 3ºB
Rocío García Vázquez	Titora 4ºA
Xiana Domínguez Estévez	Titora 4ºB
Laura Delgado Roel	Inglés
Maite Blanco Rial	Educación Física(Coordinadora)

Obxectivos do equipo para a PXA 2023-2024.

- Establécense os obxectivos de 3º e 4º de Educación Primaria fixados en ambos currículos da etapa da Educación Primaria.
- Implicación das familias no proceso de aprendizaxe mediante titorías, implicación na realización de actividades, etc.
- Colaboración e participación activa coas propostas dos distintos equipos.
- Avaliación das actividades realizadas a nivel centro.

- Realización de actividades globais e cooperativas de ciclo que permitan desenvolver as competencias básicas do alumnado.
- Realización de actividades conxuntas entre niveis, como por exemplo, apadriñamento lector do alumnado de 4º ó alumnado de 3º.
- Promoción da lectura a diario en diversos momentos e de diversas formas, xa sexa de forma individual, grupal, xogos e actividades lectoras, etc.
- Programación de saídas ó longo do curso: titoría, de nivel ou de ciclo.
- Participación nas actividades promovidas pola ANPA e polo Concello de Ordes ou dos diferentes organismos culturais e que sexan de interese xeral.
- Coordinación estreita co Departamento de Orientación, coa intención de prestar atención ó alumnado NEAE, así como, se intentará dar unha resposta ás necesidades que vaian xurdindo ó longo do curso, tendo en conta as medidas de atención á diversidade establecidas no Decreto.

Equipo 3º ciclo EP.

COMPOSICIÓN	CARGO/FUNCIÓN
Dolores Corbelle Ferreiro	Orientadora
Estrella Ferreiro Díaz	Titora 5º A EP B (coordinadora)
Antonio R. González Vaamonde	Titor 6º EP A
Manuel A. Calvo Santos	Titor 6º EP B
Pedro A. Fernández Couceiro (substituído por Pablo Sanjuán Rodríguez)	Ed. Física + cotitor 6º EP A
José Peleteiro Otero	Titor 5º EP B

Obxectivos do equipo para a PXA 2023-2024.

- Colaborar na organización, implementación e avaliación das actividades propostas polos diferentes equipos.
- Diseñar actividades tendentes a conquistar os obxectivos da etapa.
- Facer seguimento das programacións.
- Organizar as actividades escolares e extraescolares do ciclo.

2.3.4. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

COMPOSICIÓN	CARGO/FUNCIÓN
Eva María Carro Vázquez	Titora 4º EI A
Mª Isabel Fernández Bello	Titora 3º EP A

Rocío García Vázquez	Titora 4º EP A
Mª Esther Rodríguez Velasco	Inglés
Manuel A. Calvo Santos	Titor 6º EP B
Pedro A. Fernández Couceiro (substituído por Pablo Sanjuán Rodríguez)	EF + cotitor 6º EP A
Alberto Calviño Leis	Titor 2º EP A (coordinador).

Obxectivos do equipo para a PXA 2023-2024.

Obxectivos xerais:

- Fomentar actitudes positivas cara ó uso da lingua galega por parte dos membros da comunidade escolar en todos os ámbitos do noso centro.
- Potenciar a valorización e coñecemento da cultura galega en xeral e da lingua galega en particular como indicadores propios da nosa identidade.

Obxectivos adecuados ao contorno sociolingüístico do centro:

- Fomentar o emprego do galego de xeito habitual como lingua vehicular do ensino en todos os niveis de Educación Infantil e Educación Primaria e nas relacións interpersoais.

Obxectivos adecuados á situación do alumnado:

- Promover a lectura de textos en galego.
- Coñecer e valorar aspectos tradicionais da nosa realidade cultural: xogos, festas populares, costumes, gastronomía, música,...
- Posibilitar a integración do alumnado que non posúa un dominio suficiente da lingua galega, atendendo á inmersión lingüística do alumnado inmigrante.

Obxectivos adecuados á situación do profesorado:

- Colaborar na coordinación de propostas dos equipos para actividades no que respecta ao fomento do uso do galego.
- Difundir e promover a participación en concursos e campañas a prol da lingua galega, tanto a nivel de centro como en colaboración con outras entidades.

Obxectivos adecuados á situación lingüística do centro:

- Dar a coñecer a Luisa Villalta Gómez, autora homenaxeada nas Letras Galegas.
- Propor experiencias lúdicas e actividades que fomenten o uso da lingua galega adaptando ás novas tecnoloxías.
- Facilitar a asistencia ao centro de ilustradores, escritores, contacontos, grupos teatrais e de música tradicional, ou persoeiros relevantes da escena pública, que promovan a lingua e cultura galega.

Propostas de actividades:

- Música galega: Seguiremos empregando as listas de música galega que temos na conta de Spotify para as entradas e saídas do alumnado.
- Cancioneiro: Engadiremos novas cantigas e escolleremos unha para cantar no Magosto todo o centro.
- Xogos do patio: Seguiremos aportando as aulas cordas, peóns,...e habilitaremos no patio unha zona para poder practicar distintos xogos.
- Lerflix: Colaboraremos con biblioteca aportando libros en galego ao panel e engadindo algún audio.
- Colaboración nas actividades propostas polos diferentes equipos.
- Continuar empregando o blog “Eche o que hai” para difundir as actividades realizadas e aportar información.
- Seguiremos ofrecendo ao claustro a participación no concurso de relatos orais Tíralle da Lingua.
- Cantos de Nadal: Ofreceremos ao claustro a posibilidade de preparar un canto de Nadal para felicitar a toda a comunidade educativa.
- Frases feitas: elaborárase un documento sobre as frases feitas colocadas nas escaleiras do colexio o curso pasado.
- Magosto: O EDLG propón a realización do magosto dun xeito similar ao ano anterior con asado de castañas, xogos tradicionais e cancionero.
- Seguimento das actividades de cursos anteriores.
- Colaboración con AECOR, Concello, ANPA,... para a realización de diversas actividades.
- Letras Galegas: O EDLG aportará recursos ao claustro para dar a coñecer a autora. Posiblemente se empreguen as actividades “De ti para min” e “De quen ves sendo” como no curso pasado. Ao longo da semana realizaremos o Día da Muiñeira.
- Tempos traen tempos: Actualizar a información dos diferentes apeiros/máquinas con códigos qr.

2.3.5. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

COMPOSICIÓN	CARGO/FUNCIÓN
Dolores Corbelle Ferreiro	Orientadora
Mónica Cores Vázquez	Especialista PT
Estrella Ferreiro Díaz	Titora de Primaria
Verónica Gómez Blanco	Titora de Infantil
Noa Picos Peliquín	Especialista Música (Coord.)
Tania Souto Boquete	Especialista AL

Obxectivos do equipo para a PXA 2023-2024.

- Coordinar as actividades comúns do centro.
- Recoller e valorar propostas de actividades para o centro que proveñan dos equipos docentes e de diferentes organizacións e asociacións externas.
- Coordinar as distintas datas conmemorativas con outros equipos docentes.

2.3.6. EQUIPO DE BIBLIOTECA.

COMPOSICIÓN	CARGO/FUNCIÓN
Blanco Rial, Maite	EF
García García, Mónica	Titora 1º EP A
Moar Grobas, Cristina	Titora 2º EP B
Ortigueira España, Isabel	Titora 5º EI B + coordinadora
Rozas Alejandro, María	Apoio EI
Sanjuán Rodríguez, Pablo	EF + cotitor 6º EP A

Obxectivos do equipo para a PXA 2023-2024.

- Promover a participación e implicación do profesorado e familias nas diferentes actividades da Biblioteca, así como no mantemento da orde e coidado dos títulos.
- Utilizar e valorar a biblioteca escolar como centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe.
- Potenciar e desenvolver o gusto pola lectura.
- Organizar e favorecer propostas de actividades para as conmemoracións e datas importantes, e participar naquelas organizadas por outros equipos de centro.

- Dinamizar o espazo da biblioteca na web do centro.
- Presentar un proxecto para participar no PLamBe.

2.3.7.EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS TIC.

COMPOSICIÓN	CARGO/FUNCIÓN
Laura Carballido	Representante Ed. Infantil
Marta Costas	Representante 2º ciclo EP
Adriana De Francisco	Coordinadora
Toño González	Representante 3º ciclo EP
Laura Delgado	Representante 2º ciclo EP
Daniel Vázquez	Representante 1º ciclo EP
Jose Peleteiro	Representante 3º ciclo EP

Obxectivos do equipo para a PXA 2023-2024.

- Continuar dinamizando o blog do equipo Tic na web do centro educativo.
- Elaborar e publicar no blog distintas actividades e recursos dixitais co fin de complementar as actividades conmemorativas.
- Dar soporte técnico na celebración das distintas conmemoracións organizadas polos distintos equipos de traballo.
- Propoñer actividades para o alumnado que implique o emprego de distintas aplicacións ou programas informáticos.
- Dar visibilidade, mantemento, custodia e organización dos recursos tecnolóxicos existentes no centro.
- Participar nos cursos de formación en caso de dotación de material relacionado cos Polos creativos.
- Xestionar as aulas virtuais activas do centro.

En canto ás conmemoracións para este curso escolar, debido ás continuas demandas do claustro de non realizar múltiples actividades, o equipo tic decidiu este curso participar nas distintas conmemoracións dando o soporte técnico necesario ao resto de equipos nas conmemoracións que se realicen a nivel de centro.

Non obstante, procurárase potenciar a participación do alumnado en actividades que impliquen o uso dos recursos dixitais de forma voluntaria.

2.4. ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN.

2.4.1. EQUIPO DIRECTIVO.

Son órganos unipersoais o director, a xefa de estudos e a secretaria.

Os seus nomeamentos, mandatos, funcións e ceses son os establecidos pola consellería competente en materia de educación non universitaria dependente da Xunta de Galicia.

No curso académico 2023-2024 o equipo directivo do CEIP Campomaior, está composto por:

Dirección: Antonio R. González Vaamonde

Xefatura de Estudos: Marta Costas Álvarez

Secretaría: Adriana De Francisco Mallo

As funcións dos órganos unipersoais son as recollidas na normativa vixente.

Horario de atención ao público por parte do equipo directivo

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:30	DIRECCIÓN	DIRECCIÓN			DIRECCIÓN
10:25			DIRECCIÓN		
11:20		DIRECCIÓN	XEFATURA DE ESTUDOS		
12:40	SECRETARÍA	DIRECCIÓN XEFATURA DE ESTUDOS	XEFATURA DE ESTUDOS	DIRECCIÓN SECRETARÍA	
13:35	XEFATURA DE ESTUDOS	DIRECCIÓN XEFATURA DE ESTUDOS SECRETARÍA	SECRETARÍA	XEFATURA DE ESTUDOS	DIRECCIÓN XEFATURA DE ESTUDOS SECRETARÍA

2.4.1.1. PLAN DE ACTUACIÓN E OBXECTIVOS DO EQUIPO DIRECTIVO.

- Mellorar e potenciar as estruturas verticais e horizontais do centro educativo.
- Dinamizar e desenvolver as coordinacións dos distintos órganos do centro: Claustro, CCP, Departamentos e equipos, sen esquecer o Consello Escolar estimulando a súa participación na vida da escola.
- Estimular e facilitar a formación e información do profesorado, familias e alumnado en xeral, a través de temas que lles competan e estimulen.

- Fomentar unha escola de calidade que promova a inclusión educativa e social de xeito activo con: xornadas, actividades...
- Promover a utilización das TIC no centro como facilitadores do proceso de ensino-aprendizaxe, buscadores e creadores de coñecemento, e vías de comunicación.
- Promover unha ANPA activa e participativa con fluidez de relacións coa escola.
- Estimular a relación, intercambio de comunicación e traballo conxunto coas asociacións e profesionais que interveñen na vida dalgúns dos nosos alumnos/as con NEAE.
- Estimular as boas relacións cos centros da contorna mais próxima e da comarca de Ordes en xeral.

2.4.2. ÓRGANOS COLEXIADOS.

2.4.2.1. CLAUSTRO.

As funcións do claustro de profesorado así como o seu réxime de funcionamento son as contempladas na normativa vixente.

Reunións: As sesións do claustro de profesorado celebraranse como mínimo unha vez por trimestre de forma ordinaria e de xeito extraordinario en todas as ocasións que así o requiran.

2.4.2.2. CONSELLO ESCOLAR.

As funcións do Consello Escolar así como o seu réxime de funcionamento son as contempladas na normativa vixente. Dentro deste órgano funcionarán as comisións normativamente establecidas.

Reunións: O Consello Escolar reunirse coma mínimo unha vez por trimestre de forma ordinaria e de xeito extraordinario en tódalas ocasións que así o requiran. O Consello Escolar convocarase por medio de correo electrónico en tempo e forma.

2.5. FUNCIONAMENTO DO CENTRO.

2.5.1. XORNADA LECTIVA E HORARIO DO CENTRO.

Xornada lectiva: De 09:30 – 14:30 horas.

Luns, mércores, xoves e venres: polas tardes de 16:00 – 18:00 horas.

Martes: polas tardes de 16:00 – 19:00 horas.

Días non lectivos solicitados polo centro: Os días non lectivos solicitados polo centro son: 13 de outubro de 2023 e 20 de maio de 2024.

Apertura e peche das instalacións: As instalacións do centro permanecerán abertas 10 min. antes da hora de entrada e 10 min. despois da hora de saída.

Esta mesma franxa horaria aplicarase ás actividades da tarde e que se desenvolven de 16:00 – 18:00 horas.

2.5.2. QUENDAS DE VIXIANCIA.

2.5.2.1. GARDAS DE RECREO.

Organización mensual das gardas e zonas de recreo que lle corresponden a cada mestre/a.

Faranse quendas de uso de polideportivo, baloncesto e ping-pong, nesta última zona só para o alumnado de 2º EP así como de 2º e 3º ciclo, que ademais deberá contar cun responsable para recoller e entregar o material deportivo en conserxería e velar polo bo estado do mesmo.

Dende as titorías informaráselle ao alumnado que unicamente está permitido xogar ao fútbol no polideportivo o día asignado para cada un dos niveis.

No resto das zonas poderán levar e empregar os xogos entregados por dinamización.

Ademais, os días de choiva, non estará permitido o xogo con balóns no polideportivo nin no ximnasio.

Deberanse limitar as distintas zonas con bancos para os grupos de 2º e 3º ciclo de EP no polideportivo.

Os días de choiva o alumnado de primaria deberá merendar na aula e ir baixando ao patio a medida que rematen agás, exclusivamente, aquel alumnado custodiado polos mestres de garda de recreo a 3ª hora, que o poderán facer na pasarela.

Os/as mestres/as especialistas que realicen recreo na zona de Ed. infantil irán para a súa zona asignada xa que serán os mestres que impartan docencia a 3ª hora, quen se ocupará de acompañar ao alumnado ata ao patio que corresponda.

O claustro chega ao acordo que en caso de choiva o conserxe toque o timbre e música (ás 12:00), mentres os días de non choiva so se porá música para indicar o que corresponda (ás 12:10).

En caso de que comece a chover durante o recreo os distintos grupos acudirán ás zonas asignadas os días de choiva.

No caso de que deixe de chover, será o profesorado de garda quen decidirá si o alumnado pode saír ao exterior ou permanecer nas zonas asignadas.

2.5.2.2. GARDA DE TRANSPORTE.

As gardas de transporte serán realizadas por todo o profesorado ao longo do curso, organizado en parellas. Realizaranse todas as gardas en días consecutivos, 13 ou 14 segundo corresponda.

As empresas encargadas do transporte escolar de usuarios lexítimos e excepcionais do CEIP Campomaioir son:

- Autocares Grabanxa, S.L.: 1 liña (CEIP Campomaioir-O Alto).
- Autocares Meijide, S.L. (actualmente Autocares Rico): 1 liña (CEIP Campomaioir-Guindiboo de Abaixo).

Este servizo funciona dúas veces ao día: entrada (antes das 09:30 h.) e saída (ás 14:30 h.).

De acordo á normativa, precísanse dous mestres/as de garda (15 min. antes da entrada e 15 min. despois do remate das clases).

No servizo de entrada, un/ha mestre/a recollerá ao alumnado de cada liña de transporte escolar no portal de acceso ao aparcamento dos autocares. Acompañará aos usuarios de transporte ata a sala de usos múltiples, onde permanecerán ata a incorporación ás aulas (ás 09:30 horas).

Ao remate das clases, o/a mestre/a que imparta docencia na última sesión, acompañará ao seu alumnado ata a porta principal, incorporando aos usuarios de transporte á sala de usos múltiples.

Os/as mestres/as con quenda de garda de transporte, organizarán as filas de saída de cada liña e acompañaraos ata o portal de aparcamento dos autocares.

O profesorado que imparta docencia na primeira e última sesión nas aulas de 4º de Educación Infantil (3 anos), encargarse de recoller (á entrada) e entregar (á saída) ao alumnado de transporte na sala de usos múltiples.

Cada titoría conta cun indicador na sala de usos múltiples. De acordo ás instrucións do/a titor/a, un/ha alumno/a será responsable de subilo á entrada e colocalo no seu lugar á saída (para indicar ao profesorado de garda que o seu grupo xa está na sala de usos múltiples).

Procederáse á compensación horaria por garda de transporte ao profesorado. Esta liberación darase en tempo lectivo, seguindo os criterios de necesidade do centro.

2.5.2.3. GARDA DE BIBLIOTECA E REPRESENTACIÓN DO CENTRO.

Dependencias	Temporalización	Días da semana	Horario
Biblioteca do centro	Outubro-Xuño	Luns-mércores- xoves-venres	16:00-18:00 h.

Non se realizará empréstimo de libros.

Deberase firmar o libro de rexistro de gardas de biblioteca.

Ditas gardas comezarán a realizarse cando dean comezo as actividades extraescolares organizadas pola ANPA no mes de outubro.

Non está permitido o acceso ás aulas durante as horas non lectivas. O horario de garda de biblioteca será de 16:00 a 18:00 h.

En caso de cambio con algún compañeiro/a anotarase dita modificación no cadro de gardas de biblioteca na sala de mestres/as.

2.5.3. CALENDARIO DE REUNIÓN S.

Claustro/Consello Escolar/Comisións: de acordo coa normativa que regulan estes órganos, reuniranse de xeito ordinario e/ou extraordinario sempre que sexa necesario.

Equipos docentes: reuniranse como mínimo unha vez mensualmente, ademais daquelas ocasións que sexan necesarias.

Equipo Directivo: de acordo coa normativa que regula este órgano de goberno, o equipo directivo reunirse dúas sesións semanais (organización de centro: martes e venres de 13:35-14:30 h) e sempre que sexa necesario.

2.5.4. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16:00 h.	Ximnasia rítmica (polideportivo)	Baloncesto (polideportivo)	Patinaxe 8-12 anos (polideportivo)	Baloncesto (polideportivo)	Patinaxe 8-12 anos (polideportivo)
17:00 h.	Parkour (ximnasio)	Baloncesto (polideportivo)	Patinaxe (3-7 anos) (polideportivo) Parkour (ximnasio)	Baloncesto (polideportivo) Xogar en inglés 3-7 anos (usos múltiples)	Patinaxe (3-7 anos) (polideportivo)

2.5.4.1. NORMAS XERAIS.

As recollidas nas NOFC do centro, podéndose consultar no seguinte enderezo: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcampaioir/>

2.5.4.2. ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA ANPA.

A ANPA O Futuro do CEIP Campomaioir propón a seguinte programación de actividades e servizos para o curso 2023/2024:

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES REALIZADAS NAS INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO CENTRO ESCOLAR:

- Parkour con un total de 6 alumn@s participantes (luns e mércores en horario de 17.00- 18.00 h).
- Ximnasia Rítmica con un total de 8 alumn@s participantes (luns en horario de 16.00- 17.30 h).
- Ofertamos tamén pero fora do centro escolar Teatro e natación.

SERVIZOS DE CONCILIACIÓN FAMILIAR E LABORAL: renovamos o contrato coa empresa Sonaga Gestión S.L para a xestión dos servizos “Bos días cole” (na actualidade constan inscritos 40 menores que acuden diariamente e 4 con matrícula en días alternos).

O servizo de “Cambiadores” este curso non está a funcionar por non ter demanda.

- REDE DE NAIS E PAIS: renovamos a rede de información entre a ANPA e as nais e pais do centro para facilitar a transmisión de información entre a ANPA e as familias acerca das actividades escolares e extraescolares.
- MAGOSTO: colaboraremos co centro na conmemoración de dita data participando no asado das castañas e economicamente se fose necesario para a adquisición das mesmas.
- VISITA DOS REIS MAGOS: colaboraremos co centro na conmemoración do nadal. Pedíndolle os agasallos ás súas maxestades e facendo o posible porque nos visiten o último día da primeira avaliación.
- CONMEMORACIÓN DO ENTROIDO: colaboraremos co centro na conmemoración do Entroido
- CONMEMORACIÓN DO DÍA DO LIBRO: Tentarase contar coa participación dalgunha escritora ou escritor comarcal para a conmemoración de dito día.
- ESCOLA DE NAIS E PAIS: Organizaremos talleres para as nais e pais do alumnado tales como charlas sobre internet e os seus perigos, así como diferentes inxerencias dos pais/nais acerca da educación dos seus fillos.
- VI FESTA DAS FAMILIAS: organizaremos unha xornada de convivencia para as nais, pais, nenas, nenos e docentes do centro.
- FESTA DE FIN DE CURSO: Colaboraremos co centro na organización da festa de fin de curso. Volveremos a organizar coa colaboración do profesorado, si é posible, o FESTIVAL DE FIN DE CURSO, onde tamén se tentaría facer unha exhibición das actividades extraescolares.
- SUBVENCIÓN DE DEPORTES: Solicitarase a subvención de deportes da Diputación da Coruña.
- SUBVENCIÓN CORRESPONSABLES E IGUALDADE: Solicitamos este curso novamente as subvencións de igualdade e responsables para facilitar a conciliación das familias e para celebrar xornadas de igualdade. Ésta última non nos foi concedida aínda que temos en marcha a conmemoración do 25N de igual maneira. A de responsables si nos foi concedida pola cal as familias viron minguada a súa aportación a Madrugadores.
- HOSPITAL DE OSIÑOS. O obxectivo desta sesión que virán a dar alumnos de medicina da USC sería axudar aos nenos de 5 anos a perder o medo á bata branca, aprender conductas saudables e coñecer un pouco de primeiros auxilios. Estamos a espera de que nos concedan datos.
- ACTO DE FIN DE CURSO DE 6º PRIMARIA: Celebraremos un acto sinxelo para despedir os alumnos de 6º de Primaria facendo unha aportación económica para unha orla ou ben elaborándoa nos mesmos a cal entregaremos os alumnos logo dunha actuación (ben externa ou ben dalgunha das actividades extraescolares ofertadas o longo do curso) para o cal solicitaremos colaboración do colexio e do equipo docente.
- Este ano gustaríanos abordar as seguintes temáticas:
 - Charlas educativas (Ratiño Pérez, mediación de conflitos...) En función da temática a abordar, ofertarase as sesións por curso.
 - Conmemoración do 25 N mediante sesións de obradoiros onde se aborde a temática (para infantil e primaria), e voltar a facer o colgado de globos negros e violetas polas fiestras

das súas casas por parte do alumnado do colexio en colaboración coa ANPA do Castelao. A ANPA dotará aos nenos dos globos, que serán repartidos ao alumnado no colexio e despois cada un o colga pola fiestra da súa casa para visualizar a sensibilización respecto a este tema.

- Conmemoración do 3 de decembro: contando coa colaboración da Federación da Asociación de Xordos para conmemorar o día da discapacidade (para infantil e primaria). Tentando que veñan ao cole en algunha avaliación.
- Conmemoración do 8 de marzo: Día da Muller (para infantil e primaria).
- Posta en valor dos Xogos Tradicionais: mediante a cesión de material de xogo para que os alumnos e alumnas do centro coñezan xogos e deportes populares e tradicionais.
- Realización de xornadas de Educación Vial.
- Realización de xornadas de concienciación o alumnado de segundo ciclo de Primaria sobre o uso de internet, redes sociais...
- Diversas saídas dentro do casco urbán de Ordes, visitando edificios de interese para que as rapazas e rapaces coñezan o pobo: xulgado, escola de música, museo do traxe, biblioteca municipal, policía local...
- Tentaremos organizar coa colaboración do Centro de Saúde alguna charla ou xornada sobre a alimentación saudable, deporte e hixiene persoal.

A ANPA está a disposición do equipo directivo e docente para colaborar en tódalas actividades educativas e lúdicas que nos queiran propoñer.

2.5.4.3. ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO CONCELLO.

As actividades extraescolares programadas polo concello de Ordes para o curso 2023-2024 que se van a levar a cabo no CEIP Campomaio son:

- Baloncesto: martes e xoves de 16:00 a 18:00 h.
- Patinaxe: mércores e venres de 16:00 a 18:00 h.
- Xogar en inglés: xoves de 17:00 a 18:00 h.

2.5.5. UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.

En relación coa utilización das instalacións do centro por parte de persoas ou entidades alleas á comunidade escolar do centro atenderase á normativa establecida no Decreto 374/1996 e na Orde do 22 de xullo de 1997:

"Para a utilización das instalacións dun centro público por parte de entidades ou persoas alleas á comunidade escolar do centro, presentarase a solicitude ante a dirección do centro, que solicitará do Consello Escolar o preceptivo informe para a súa posterior tramitación á Delegación Provincial de Educación, que resolverá o que proceda, logo do informe da Inspección Educativa.

Para uso ocasional e con carácter excepcional, o director poderá autorizar o uso das instalacións sempre que non se altere o normal desenvolvemento das actividades docentes.

A utilización das instalacións por parte das asociacións de pais de alumnos, asociacións de antigos alumnos e as súas respectivas federacións, sindicatos, movementos de renovación pedagóxica e grupos de profesores, só require a solicitude previa ó director do centro, cunha antelación mínima de tres días, quen concederá a autorización, no marco das directrices fixadas polo Consello Escolar, se o seu destino é a finalidade propia das ditas institucións, sempre que non se altere o normal funcionamento do centro. As instalacións dos centros poranse sempre a disposición da Administración para a formación do profesorado, cursos para a educación de adultos, presencial ou a distancia."

Queda prohibida o acceso ao centro e a utilización das instalacións do mesmo sen permiso expreso da dirección do centro.

2.5.6. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.

2.5.6.1. TRANSPORTE ESCOLAR.

Contrato: ED1518

Empresa: UTE ESCOLAR LOTE 18

Servizo: ED151802_01 Ruta: ED151802 O Alto-Autoescola.

Parada	Usuarios
Autoescola	16
O Valado	1
Empalme	3
Raxide	3
Darefe 1	1
O Bidueiro	2
Casal 2	5
Casal 1	4
O Alto	1
Total	36

Contrato: ED1518

Empresa: UTE ESCOLAR LOTE 18

Servizo: ED151801_01 Ruta: ED151801 Guindiboo-R. Mediodía.

Parada	Usuarios
R. Mediodía	30
Casillas 2	2
Casillas 1	10
Fraga da Galiña 1	2
O Taller 2	4
Guindiboo de arriba	1
Guindiboo	1
Total	50

2.5.7.CRITERIOS XERAIS TAREFAS EXTRAESCOLARES.

En canto ás tarefas extraescolares , en aplicación da Disposición adicional terceira, do Decreto 155/2022 que establece o currículo da Educación Primaria en Galicia, o Claustro do centro determinou establecer a posibilidade de que o profesorado poida asignar tarefas extraescolares ao alumnado desta etapa, atendendo sempre ao principio de progresividade ao longo de toda a Educación Primaria e coa finalidade de favorecer a adquisición das competencias básicas do alumnado e fomentar a autonomía e responsabilidade de cara o traballo. Estas tarefas deberán permitir unha axeitada conciliación da vida persoal e familiar de maneira que se facilite a participación activa destas na aprendizaxe.

2.5.8. ORGANIZACIÓN DO P.A.S/PERSOAL NON DOCENTE.

- Auxiliar técnico educativo (Coidadora): no curso 2023/2024 a plantilla de coidadores está composta por unha persoa.
As súas funcións son:
 - Prestar servizos complementarios para a asistencia dos escolares con minusvalía(atendendo a estos nos desprazamentos, limpeza e aseo).
 - Colaborar nos cambios de aulas, na vixilancia persoal de estos e tamén colaborar co profesorado na vixilancia dos recreos (dos que serán responsables ditos profesores/as).
- Persoal de Administración e servizos:
 - Secretaría: 1 auxiliar administrativo.
 - Conserxería: 1 conserxe (forma parte do cadro de persoal dunha empresa privada coa que están establecidas as súas responsabilidades no centro).
 - Limpeza: 2 persoas de limpeza (forman parte do cadro de persoal dunha empresa privada coa que están establecidas as súas responsabilidades no centro).
- Auxiliar de conversa.

3. ASPECTOS CURRICULARES.

3.1. CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO.

Nesta PXA concrétese a proposta do centro para o curso 2023-2024. Pártense dos sinais de identidade do noso contexto, das necesidades detectadas e do reflectido na memoria final do curso 2022-2023. Na actualidade, os niveis impares teñen elaboradas as programacións e están adaptadas á normativa vixente.

Os niveis pares teñen ata o 01 de decembro de 2023 para a elaboración das programacións mediante a aplicación PROENS de acordo á normativa vixente.

3.2. PLANS/PROXECTOS DE EXECUCIÓN ANUAL.

3.2.1. PLAN DE LECTURA.

Introdución

A finalidade deste Plan Anual de Lectura é o fomento do hábito lector no alumnado, así como o asesoramento ao profesorado e familias do centro, a través da animación e dinamización da Biblioteca escolar.

Segundo co Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, a lectura constitúe unha das competencias que contribúen o desenvolvemento persoal e social do alumnado, e que favorece a creación de persoas autónomas, críticas e con pensamento propio (Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, polo que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, LOMLOE).

Asemesmo, o profesorado ten que atender a diversidade presente no centro, ás diferentes capacidades, habilidades e ritmos de aprendizaxe do alumnado, polo que o centro, e máis concretamente, a Biblioteca, debe ofrecer diferentes recursos para dar resposta a dita diversidade dende un enfoque DUA, Deseño Universal de Aprendizaxe, seguindo así co establecido no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE, e na Orde do 8 de setembro do 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro.

Na citada LOMLOE, concrétese que os centros de ensinanza dispoñerán dunha Biblioteca escolar e que estas contribuirán a fomentar a lectura e que o alumnado acceda a información e os recursos para o aprendizaxe.

Contexto

O CEIP Campomaioir consta de 12 unidades de Educación Primaria e 5 de Educación Infantil e conta con arredor de 300 alumnos e alumnas.

No ámbito da lectura, o profesorado de primaria e infantil implícase na animación e dinamización da lectura (realizan actividades de lectura, visitan a Biblioteca, participan en actividades do concello e colaboran nas propostas que o Equipo da Biblioteca organiza, etc.). Están a favor de que se organicen máis propostas e accións de animación á lectura, dando resposta así a diversidade presente no centro. Na etapa de Educación Primaria, a lectura é unha actividade actual no día a día na aula. É preciso mellorar a expresión oral e escrita do alumnado, comprender e empregar diferentes tipos de textos, desenvolver habilidades de lectura crítica e como medio para ampliar vocabulario e aumentar coñecementos. Na etapa de Educación Infantil, existe a necesidade de desenvolver estratexias para mellorar a expresión oral do alumnado, aumentar o vocabulario, así coma o interese e gusto polos libros e por visitar a Biblioteca, actividade que desfrutan moito, pois constitúe un lugar máxico de encontro cos libros e xogos. Asemesmo, se traballan a adquisición de hábitos relacionados con comportamento e normas na Biblioteca.

Obxectivos

- Potenciar o desenvolvemento do hábito lector e a mellora daquelas competencias, habilidades e estratexias, no marco de situacións significativas e relevantes de lectura, que lles permitan converterse en lectores/as competentes, capaces de comprender, reflexionar, interpretar e usar diversos tipos de textos.
- Organizar e favorecer propostas de actividades para as conmemoracións e datas importantes, e participar naquelas organizadas por outros equipos de centro; e cubrindo na medida do posible, necesidades ou deficiencias que se podan detectar no día a día.
- Asesorar ao profesorado e familias nos temas relativos ao fomento da lectura, uso da Biblioteca, formación de usuarios, etc.
- Desenvolver a comprensión da información de calquera tipo de texto a través da expresión oral e escrita das ideas e opinións que provoquen cunha corrección ortográfica e gramatical axeitada.
- Iniciar o coñecemento da linguaxe literaria e da estrutura dos textos a través de obras nos diferentes xéneros.
- Organizar e dinamizar a Biblioteca escolar como centro de recursos, información e aprendizaxes e seguir coa liña educativa de a Biblioteca como laboratorio creativo de aprendizaxes.
- Dotar á Biblioteca de novos títulos e recursos educativos, aumentando así os fondos e adaptalos ás necesidades actuais do centro, alumnado, profesorado e familias.

Organización de espazos e tempos para a lectura e para o traballo coa información

A organización do espazo da Biblioteca foi un obxectivo principal no curso 2022/2023, pois no favorecía a lectura, a posta en práctica de actividades nin a libre circulación. Este curso escolar seguirase con esa metodoloxía de cambio e farase fincapé na orde e mantemento deste espazo.

A Biblioteca do centro está aberta tódalas mañás de 9:30 a 14:30 (horario lectivo) e as tardes dos luns, mércores, xoves e venres en horario de 16:00 a 18:00 horas.

Nas horas lectivas, cada aula ten unha sesión asignada para ir á Biblioteca para facer préstamos, as actividades propostas polo equipo, lectura individual e conxunta, xogar cos xogos de mesa, etc.

Liñas de actuacións prioritarias

Para este curso escolar, e tras as primeiras reunións de Equipo de Biblioteca, establécense como liñas prioritarias as seguintes:

- Promover a participación e implicación do profesorado e familias nas diferentes actividades da Biblioteca.
- Utilizar e valorar a Biblioteca escolar como centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe.
- Organizar propostas que favorezan o gusto e animación pola lectura.
- Dinamizar o espazo da Biblioteca e actualizar os fondos.

Rutinas de lectura

En canto as rutinas de lectura, nas titorías deberanse organizar momentos de lectura, tanto individuais coma colectivos, favorecendo así o gusto pola lectura. O Equipo de Biblioteca asesorará ao profesorado e familias cando o precisen.

Dende o Equipo de Biblioteca, a través das mesas de lectura, búscase que o profesorado anime a lectura do seu alumnado e que planifique así, un momento de ler cada día durante media hora (hora de ler).

Asemesmo, este curso escolar búscase unha lectura nas aulas a través das mochilas viaxeiras, así como dinamizar a Biblioteca.

RECURSOS HUMANOS

Nos recursos humanos que interveñen no fomento á lectura, distinguimos entre os membros do Equipo da Biblioteca e a comunidade educativa.

O equipo de Biblioteca, formado por seis membros do Claustro, sendo unha delas a coordinadora, serán o profesorado máis directo da organización e coordinación de actividades á animación á lectura, fomento da formación de usuarios, estratexias de tratamento da información, etc.

A comunidade educativa (profesorado, alumnado e familias) teñen un papel fundamental no fomento e gusto pola lectura, pois é unha responsabilidade educativa. O espazo da Biblioteca, así coma os títulos e recursos, deben ser tratados con coidado e intentando manter certa orde.

Asemesmo, o profesorado que acode á Biblioteca deberá velar pola orde, limpeza e mantemento do espazo e dos recursos.

ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORALIZADAS

Seguindo coa idea de que a Biblioteca é un laboratorio creativo de aprendizaxes e un centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe, aberta á comunidade educativa (Resolución do 20 de setembro do 2023); dende a Biblioteca faranse as seguintes propostas, tendo en conta o contexto e necesidades do alumnado e profesorado

- Mesas de lecturas relacionadas cos días marcados e conmemoracións, así como estacional.
- Propostas nas que participa todo o alumnado e profesorado:
 - 1º trimestre: Día das Escritoras
 - 2º trimestre: Semana da Prensa

- 3º trimestre: Semana do Libro e Día das Letras Galegas.
- Mochilas viaxeiras trimestrais con temática específica.
- Préstamo de títulos.
- Bibliopatio de Educación infantil e primaria.
- Xogos de mesa e recursos dos libros.
- Maleta Viaxeira Literaria prestada polo CEIDA.
- Talleres de animación á lectura.
- Recomendacións lectoras para as familias.

Seguimento e avaliación

Para realizar o seguimento e avaliación do Plan Anual de Lectura, empregárase como instrumento principal, a observación directa e sistemática do uso do espazo da Biblioteca, así coma a orde e mantementos de títulos e recursos; a idoneidade das propostas de lectura e traballo de días marcados no calendario, entre outro. Asemesmo, a implicación do profesorado e das familias tamén será un criterio de análise.

Os membros do Equipo de Biblioteca deberá facer un análise das accións levadas a cabo na Biblioteca nas reunións de ciclo, e que serán analizadas posteriormente nas reunións do Equipo de Biblioteca.

3.2.2.PLAN DE BIBLIOTECA.

Introdución

O CEIP Campomaio sitúase no concello de Ordes (A Coruña) e está constituído por, aproximadamente 370 alumnos e alumnas de educación infantil e primaria. Aproximadamente, o 90% do alumnado do centro son galegos e o 10% restante proceden doutros países como son Marrocos, Arxentina, Brasil, Venezuela, Colombia, entre outros.

No relativo ao contexto cultural, a maior parte das familias posúen estudos básicos ou obrigatorios e unha minoría posúe titulación universitaria. No relativo ao contexto lingüístico, máis do 50% son galego falantes no ámbito familiar e escolar.

A Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, polo que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, LOMLOE, no artigo 114, afírmase que os centros de ensinanza dispoñerán dunha Biblioteca escolar e que estas contribuirán a fomentar a lectura e que o alumnado acceda a información e os recursos para o aprendizaxe. Asemesmo, a Biblioteca escolar será un espazo aberta á comunidade educativa.

Seguindo os decretos curriculares vixentes, Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, especificase que a Biblioteca escolar é un recurso educativo imprescindible para a consecución de obxectivos educativos en tódalas áreas. Seguindo a Orde do 17 de xullo do 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por

función titorial e outras funcións docentes, defínese Biblioteca escolar como aquel recurso dos centros educativos nos que se facilita o acceso aos recursos informativos e culturais necesarios nos procesos de ensinanza – aprendizaxe, favorece un uso contextualizado das TIC e resulta imprescindible para a capacitación e fomento da lectura, de todo tipo de textos, en todo tipo de soportes.

Contexto

Tal e como se especifica na Lei 5/2012, do 15 de xuño, de Bibliotecas de Galicia, “as Bibliotecas constitúen servizos culturais e informativos de máxima relevancia para unha sociedade avanzada”.

A Biblioteca do CEIP Campomaioir aínda que ten unha boa localización (acceso adecuado e adaptado a diversidade, iluminación e ventilación adecuadas), é un espazo reducido. No curso 2022/2023 foi necesario facer unha reestruturación dos mobles e espazos, así como unha limpeza en xeral, e que debe manterse no día a día. Aínda así, a Biblioteca precisa máis espazo físico, tanto para os títulos e recursos, como para o momento de traballo e lectura

Créanse espazos coma a zona do xogo, con recursos novos, actualizados e con acceso a todo o alumnado, e que favorece o desenvolvemento das competencias clave do alumnado, especificadas no Decreto 155/2022, do 15 de setembro e no Decreto 105/2022, do 8 de setembro, mencionados anteriormente.

En canto a formación de persoas usuarias da Biblioteca, hai algún grupo de primaria que está aprendendo a empregar o programa informático Meiga, aínda que é necesario formar ao alumnado para un bo uso da Biblioteca, así como ao profesorado. O equipo da Biblioteca estudará esta situación e buscaranse solucións, como unha formación no Meiga ao alumnado do 3º ciclo, e implicar a todo ao alumnado do centro a manter unha orde xeral da Biblioteca.

As diferentes propostas da Biblioteca teñen como obxectivos principais, dinamizar a Biblioteca como centro de recursos e aprendizaxes, así como o fomento da lectura por parte do alumnado e das familias, pois creemos esencial que a Biblioteca e por extensión, o centro, debe abrise á comunidade educativa, tal e como se especifica na citada LOMLOE.

Obxectivos

OBXECTIVOS	INDICADORES DE LOGRO
Promover a participación e implicación do profesorado e familias nas diferentes actividades da Biblioteca, así como no mantemento da orde e coidado dos títulos.	O profesorado e familias participan nas propostas do equipo da Biblioteca.
	Mantén a orde e coidado dos títulos e recursos.
Utilizar e valorar a Biblioteca escolar como centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe.	Valora a Biblioteca e comprende e comprende o seu valor na educación e na sociedade.
Potenciar e desenvolver o gusto pola lectura.	Organiza actividades de dinamización e gusto

	pola lectura.
	Favorece a participación do alumnado e profesorado nas propostas.
Organizar e favorecer propostas de actividades para as conmemoracións e datas importantes, e participar naquelas organizadas por outros equipos de centro.	Elabora e organiza propostas lectoras na Biblioteca.
	Participa nas propostas doutros equipos.
Dinamizar o espazo da Biblioteca na web do centro.	Actualiza o espazo web da Biblioteca.
	Proposta de actividades no espazo web.
Presentar un proxecto para participar no PLamBe.	Proposta de ideas e elaboración dun proxecto por parte de todo o equipo.

Propostas

Seguindo a Orde do 3 de maio do 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia e a Resolución do 20 de setembro de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das Bibliotecas escolares nos centros docentes non universitarios, de titularidade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no curso académico 2023/2024; dende a Biblioteca débense propoñer actividades relacionadas coas conmemoracións, así coma aqueles días marcados no calendario civil. Seguindo coa idea de que a Biblioteca convértase nun laboratorio creativo de aprendizaxes (Resolución do 20 de setembro do 2023), dende a Biblioteca faranse as seguintes propostas, tendo en conta o contexto e necesidades do alumnado e profesorado:

- Mesas de lecturas relacionadas cos días marcados e conmemoracións, así como estacional.
- Día das Escritoras (1º trimestre): ficha técnica de escritoras seleccionadas polas titorías e exposición destas.
- Día Universal da Declaración dos Dereitos Humanos (1º trimestre): exposición dos dereitos.
- Semana da Prensa (2º trimestre): elaboración de noticias do día a día no colexio por parte do alumnado. Colaboración do equipo TIC para dixitalizar as noticias.
- Entroido (2º trimestre): máscaras do entroido galego.
- Semana do Libro (3º trimestre): tarde literaria para a comunidade educativa.
- Día das Letras Galegas (3º trimestre): proposta "Conserva o galego".
- Mochilas viaxeiras: mulleres do mundo (1º trimestre), casas do mundo (2º trimestre) e músicas e bailes do mundo (3º trimestre).
- Préstamo de títulos.
- Participación nas propostas dos outros equipos (EACE, TIC e EDLG), e colaboración coas titorías e Departamento de Orientación.
- Bibliopatio de Educación infantil e primaria.

- Xogos de mesa e recursos dos libros.
- Selección de títulos para os proxectos das titorías e niveis.
- Maleta Viaxeira Literaria prestada polo CEIDA.
- Colaboración co Plan Proxecta, Donas de sí.
- Talleres de animación á lectura.
- Recomendacións lectoras para as familias.

Durante o curso escolar programaranse outras actividades atendendo ás necesidades do profesorado, alumnado e familias, así coma ao contexto no que se atopa o centro, polo que non é unha programación pechada, senón flexible, aberta e atendendo á diversidade, seguindo así co especificado no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, pola que se regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE.

Funcionamento da biblioteca: Composición e horario

O Equipo da Biblioteca, seguindo a citada Orde do 17 de xullo do 2007, está composto polos seguintes membros do Claustro de profesores, representando a cada ciclo de educación primaria e educación infantil:

1. Blanco Rial, Maite
2. García García, Mónica
3. Moar Grobas, Cristina
4. Ortigueira España, Isabel (coordinadora)
5. Rozas Alejandro, María
6. Sanjuán Rodríguez, Pablo

O Equipo da Biblioteca reunirase unha vez ao mes para planificar accións, facer un seguimento das propostas levadas a cabo e facer tarefas relativas á organización e xestión dos recursos do espazo.

A Biblioteca do centro está aberta tódalas mañás de 9:30 a 14:30 e as tardes dos luns, mércores, xoves e venres en horario de 16:00 a 18:00 horas.

Nas horas lectivas, cada aula ten unha sesión asignada para ir á Biblioteca para facer préstamos, as actividades propostas polo equipo, lectura individual e conxunta, xogar cos xogos de mesa, etc.

Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan.

Tal e como se especifica na citada Resolución do 20 de setembro do 2023, para coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos previstos e das liñas de actuación, deberase facer unha avaliación do Plan de Biblioteca.

Alguns criterios que se terán en conta no momento de seguimento e avaliación do Plan de Biblioteca, serán:

- A idoneidade dos recursos empregados nas propostas, así coma a compra dos novos títulos e recursos.
- A colaboración e participación por parte da comunidade educativa.
- A coordinación entre o profesorado e o equipo de Biblioteca.
- A implicación, participación e elaboración de propostas e día a día da Biblioteca dos membros que compoñen o equipo de Biblioteca.
- O uso da Biblioteca na hora asignada por cada titoría, así coma o seu uso para actividades de lectura, xogo e realización das actividades propostas na Biblioteca.
- Uso do espazo e mantemento da orde e coidado dos recursos, así como o seu uso axeitado.
- Creación dunha listaxe para que o profesorado, en función dos seus intereses e preferencias, así coma os do seu alumnado, especifique a compra de títulos ou recursos.
- O grao de consecución dos obxectivos propostos.
- A metodoloxía empregada e o proceso de ensinanza – aprendizaxe do alumnado.
- Os recursos humanos, temporais e materiais.
- O Plan Anual de Lectura.

Os instrumentos de avaliación empregados serán as conclusións rexistradas nas actas das reunións do Equipo de Biblioteca, a observación sistemática, así coma a recollida de datos mediante as entrevistas e reunións de ciclo e Claustro.

A coordinadora da Biblioteca elaborará, a final de curso, unha memoria onde se recollerá a avaliación das actividades levadas a cabo, os obxectivos cumpridos así coma as propostas de mellora para o curso seguinte. Este análise indicará a posible modificación ou non, do plan da Biblioteca para o seguinte curso escolar. Dita memoria de Biblioteca, estará integradas na Memoria final do curso, e que se dará a coñecer ao Claustro de profesores e Consello Escolar.

3.2.3. PLAN DIXITAL.

Pódese consultar na páxina web do centro no seguinte enlace:
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcampaioir/system/files/Plan%20dixital%20CEIP%20Campo%20maior%202022_0.pdf

3.2.4. PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES.

A) Introducción e xustificación

Na actualidade a forma de relacionarnos cambiou radicalmente nos distintos ámbitos, xa sexa no social, no motriz ou no actitudinal, nas múltiples contornas que nos rodean.

Un claro exemplo e reflexo da realidade que estamos a vivir é que o propio INE (Instituto Nacional de Estadística) mediante un estudo de indicadores de saúde de cada Comunidade Autónoma de España

demonstrou como en Galicia só temos un 19,8% de xente que practica actividades físicas a diario fronte a un 41,3% que afirma ter un vida totalmente sedentaria.

Igualmente a OMS (Organización Mundial da Saúde) informa do alarmante que é ver como nas últimas décadas o sobrepeso e obesidade aumentou 4 veces máis entre os nenos de 5 a 19 anos. Converténdonos así no 4ª país europeo con máis poboación sedentaria.

Ademais, cada vez estamos máis sobrealimentados, pero menos nutridos, posto que parece que vivimos nunhas décadas de estrés continuo e sen tempo para coidarse un mesmo ou ós demais.

Isto débese a que cada vez inxerimos máis alimentos “vacíos”, é dicir, que non nos aportan nutrientes que realmente sí que precisamos no noso día a día, e que ademais son moi prexudiciais para a nosa saúde en todos os niveis.

Diversas nutricionistas como Blanca García-Orea, Dolores de la Puerta ou Silvia Gómez nos diversos libros que publican están a demostrar como os alimentos non só afectan ós órganos relacionados directamente co proceso alimentario, se non que tamén afectan a todos e a todo organismo. Isto demostra como o que comemos non só afecta ó estómago ou intestinos, se non que nos afecta en todos os nosos aspectos: descanso, estados de ánimos, niveis de enerxía, sistema inmune, capacidades cognitivas, etc.

Como se puido ver ata agora, parece que, a nivel xeral, se están tomando unhas decisións diarias nefastas ante a relación mala alimentación xunto coa inactividade física. Unha situación que xa reflexa moitos dos seus resultados: sensación de estar cansos continuamente, desmotivación ou baixa autoestima, enfermidades con maior frecuencia, incremento notable de intolerancias alimentarias, incremento de diagnósticos de alerxias, etc. Despois, outras situacións que reflexaran os malos hábitos será o propensos que seremos á adquisición de enfermidades non hereditarias, é dicir, as adquiridas de xeito crónico ou puntual, de forma que as consecuencias dun estilo de vida non saudable terán os resultados mediante enfermidades como: diabetes tipo 2, osteoporoses, diversas enfermidades cardiovasculares, etc.

Todos os motivos expostos anteriormente son os que nos impulsan a querer loitar ante tal situación mediante o presente plan de actividades físicas e hábitos saudables.

Para iso será preciso unha concienciación previa sobre a relevancia dos coidados diarios mediante as decisións que tomamos a diario en relación con esta temática, a cal, se explica no seguinte apartado.

Igualmente tratarase de traballar hábitos saudables de diversas formas como:

- Propostas de receitas saudables cando se traballe a unidade relacionada de xeito específico con estes contidos.
- Fomentar as merendas saudables.
- Poderase propoñer diversas charlas coas familias para abordar a temática.
- Participación en diversas actividades ou programas como XOGADE.
- Pirámides nutricionais nas aulas ou imaxes do prato de Harvard.
- Recreos activos nos que se practican diversas modalidades deportivas.
- Proposta de creación de diversos pósters feitos polo alumnado relacionados coa temática.

B) Contextualización

Este plan levarase a cabo nun centro público de Educación Infantil e Educación Primaria (CEIP) do interior da Comunidade Autónoma de Galicia, o cal está situado no contexto rural da extensa comarca de Ordes, na provincia da Coruña.

Grazas á súa situación xeofísica, a contorna próxima á escola invita a realizar actividades na natureza debido á presenza de ríos e arrosos que favorecen a vexetación natural e unha gran variedade e cantidade de espazos forestais. Dispoñendo así de diversas áreas naturais e recreativas no propio concello ou nos concellos limítrofes, as cales poderán serán empregadas ó longo do curso escolar para realizar actividades complementarias.

En canto á actividades física o propio concello e o centro educativo ofertan notablemente a participación en actividades extraescolares, fomentando así estilos de vida saudables.

Por unha banda o concello oferta múltiples actividades deportivas como fútbol, hockey, natación, atletismo, artes marciais, etc.

Por outra banda o centro educativo oferta as seguintes actividades en horario non lectivo:

- Ximnasia rítmica.
- Natación (non saben nadar, nivel 1, nivel 2 e avanzado).
- Teatro (Infantil- 3º Primaria).
- Teatro (4º-6º Primaria).
- Parkour.
- Patinaxe.
- Zumba.

No tocante ós hábitos de vida saudable (alimentación, hixiene persoal e descanso) traballaranse ó longo do curso escolar mediante o traballo diario do Bloque 1. Vida activa e saudable de xeito transversal en todas as sesións de Educación Física mediante os seguintes aspectos:

- Concienciación da importancia da realización diaria de actividade física
- Aproveitamento da fase inicial ou final das sesións para traballar contidos relacionados mediante reflexións grupais
- Adquisición de hábitos de hixiene persoal ó remate de cada sesión
- Se as sesións son previas ós recreos traballarase sobre as merendas saudables ou a elección dos alimentos noutros comidas.
- Impulsarase a realización de actividade física durante os recreos, nos que se realizan: baloncesto, ping pong, fútbol, multideporte e diversas actividades con espazos específicos creados no centro como patios dinámicos ou acceso a diversos materiais deportivos.

c) Obxectivos

Os obxectivos que trataremos de acadar mediante este plan son os seguintes:

- Informar, divulgar e sensibilizar ó alumnado sobre a relación positiva da práctica de actividades físicas a diario en relación coa saúde.

- Fomentar a participación de todos os responsables educativos no incremento da realización de actividades físicas e na adquisición de hábitos saudables.
- Incrementar a participación docente para levar a cabo o plan da forma máis efectiva.
- Contribuír ó desenvolvemento de competencias e capacidades que lle permitan ó alumnado a elección de conductas saudables.
- Desenvolver habilidades que incrementen o desenvolvemento da autonomía emocional, determinadas actitudes positivas cara un mesmo e os demais.
- Promover hábitos de hixiene corporal e postural.
- Desenvolver estratexias que lle permitan adquirir coñecementos dunha vida san e equilibrada e levalo á práctica.
- Mellorar o contexto do centro na relación dos hábitos saudables: realización de actividade física diaria e unha selección de alimentos que sí se deben consumir e outros que non, concienciando así sobre reducir notablemente o consumo de produtos ultraprocesados mediante diversas actividades ou paneis informativos polas aulas e corredores.

Mediante estes obxectivos establécense os seguintes indicadores, que nos permitirán avaliar se realmente se acadaron ou non e en que grao (mal, regular, ben e excelente).

- Conseguiuse sensibilizar ó alumnado.
- Fomentouse axeitadamente a participación na realización de actividades físicas.
- Conseguiuse a adquisición de hábitos saudables.
- O profesorado participou activamente no plan.
- Contribuíuse ó desenvolvemento das competencias e capacidades para seleccionar conductas saudables.
- Desenvolvéronse habilidades e actitudes positivas no alumnado.
- Conseguiuse a adquisición de hábitos de hixiene corporal.
- O alumnado adquiriu estratexias para levalas a cabo na súa vida diaria.
- Mellorouse o contexto do centro.

d) Procedemento de seguimento, avaliación, modificación do plan e de difusión.

Para rematar, en canto o procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso, de difusión, explicárase deseguido.

Primeiro, o seguimento realizarase ó longo de todo o curso educativo posto que nos servirá de orientación nas nosas funcións docentes do día a día. Ademais, de factor motivacional para cumprir cos obxectivos propostos ó longo da xornada escolar diaria.

Segundo, a avaliación do plan realizarase ó longo de todo o curso escolar 2023/2024 polos especialistas da propia área da Educación Física. Neses momentos avaliarase o plan, a forma de levalo a cabo, se os obxectivos se están cumprindo e se precisa de modificacións para o vindeiro curso. Isto orientaranos sobre a súa efectividade e eficiencia mediante unha recolección continua de datos, sabendo así se precisa de determinadas modificacións.

Para levar a cabo a súa avaliación empregaranse indicadores de logro establecidos no anterior apartado. Para avaliar ditos indicadores empregaremos catro graos: mal, regular, ben e excelente.

Terceiro, a difusión do plan realizarase para todo o persoal do centro educativo e igualmente para as familias, posto que se incorporará á programación xeral anual.

3.2.5. PLAN DE ORIENTACIÓN.

Pódese consultar no Anexo I da PXA.

3.2.5.1. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Pódese consultar na páxina web do centro no seguinte enlace:
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcampaio/system/files/Plan%20de%20Atención%20á%20Diversidade%201.pdf>

3.2.5.2. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.

Pódese consultar na páxina web do centro no seguinte enlace:
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcampaio/system/files/Plan%20de%20Acción%20Titorial%202.pdf>

3.2.6. PLAN DE IGUALDADE.

Pódese consultar na páxina web do centro no seguinte enlace:
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcampaio/system/files/PLAN%20DE%20IGUALDADE.pdf>

3.2.7. PLAN DE COMUNICACIÓN.

Pódese consultar na páxina web do centro no seguinte enlace:
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcampaio/system/files/PLAN%20DE%20COMUNICACIÓN%20DE%20CENTRO.pdf>

3.2.8. PLAN DE CONVIVENCIA.

Pódese consultar na páxina web do centro no seguinte enlace:
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcampaio/system/files/PLAN%20DE%20CONVIVENCIA%201.pdf>

3.2.9. PLAN DE EVACUACIÓN.

Pódese consultar na páxina web do centro no seguinte enlace:
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcampaioir/system/files/Plan%20de%20evacuación%201.pdf>

3.2.10. PLAN DE AVALIACIÓN.

Avaliación continua: Aportará a información que permita a realización dos axustes necesarios coa finalidade de acadar os obxectivos propostos ao comezo do curso.

Avaliación final:

En todos os niveis haberá tres avaliacións, unha ao remate de cada trimestre. As datas sinaladas son as seguintes:

1ª avaliación	11 e 12 decembro de 2023
2ª avaliación	11 e 12 de marzo de 2024
3ª avaliación	10 e 11 de xuño de 2024

- Nas sesións de avaliación dos diferentes niveis reuniranse todos os mestres/as que imparten áreas no nivel, coordinados pola respectiva titora ou titor.
- Os boletíns informativos serán os que proporciona a aplicación XADE e entregaranse ao alumnado de xeito impreso o último día de clase en cada trimestre.
- A Comisión de Coordinación Pedagóxica poderá realizar todos os axustes e modificacións que considere necesarios a proposta dos equipos de ciclo e/ou niveis.
- Os criterios de promoción serán os recollidos no Proxecto Educativo do Centro.
- A Comisión de Coordinación Pedagóxica efectuará calquera modificación que se considere oportuna.

3.2.11. PROXECTO LINGÜÍSTICO.

Pódese consultar o borrador no Anexo II da PXA.

3.3. INICIATIVAS CON CONTINUIDADE.

3.3.1. SECCIÓN BILINGÜES.

O centro participa no Programa de Innovación Educativa Seccións Bilingües. Con el preténdese mellorar as competencias lingüísticas do noso alumnado e facilitar a súa integración nunha sociedade plurilingüe e multicultural.

Obxectivos específicos:

- Fomentar o encontro cultural internacional e potenciar condutas en favor da tolerancia e respecto cara as outras formas culturais que sirvan, de forma comparativa, para valorar a cultura propia.
- Fomentar o uso do inglés como vehículo de comunicación fóra da aula de lingua inglesa.
- Adquirir un vocabulario básico en inglés, relacionado coa área de Educación Plástica e Visual, que permita o desenvolvemento dos obxectivos propios da área.
- Desenvolver actitudes de respecto e colaboración con grupos de culturas diferentes.

Profesorado e alumnado participante.

- Materia na que se vai a desenvolver o proxecto: Educación Plástica e Visual.
- Lingua estranxeira: Inglés.
- Mestras que van impartir a materia por ser especialistas en Lingua estranxeira serán: Esther Rodríguez Velasco e Laura Delgado Roel.
- Auxiliar de conversa: Savannah Nadia Oskolkoff (Nacionalidade estadounidense).
- Alumnado participante: 1º e 2º curso de Educación Primaria.

3.3.2. AUXILIAR DE CONVERSA.

Para este curso 2023/2024 temos asignado unha auxiliar de conversa financiado polo Ministerio de Educación e Formación Profesional procedente de Estados Unidos, Savannah Nadia Oskolkoff. Esta auxiliar é compartida co CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao, sendo este último o seu centro base. O horario é compartido ao 50%, é dicir 8 horas á semana en cada un dos centros, do 1 de outubro de 2023 ao 31 de maio de 2024.

Obxectivos xerais do programa:

- Estimular a aprendizaxe de linguas e fomentar o plurilingüismo e o coñecemento de outras culturas dentro dunha acción integrada no proxecto educativo do centro.
- Desenvolvemento das competencias comunicativas e lingüísticas do alumnado.

Funcións principais da auxiliar de conversa:

- Apoiar as actividades programadas polo titor/coordinador da aula e dar a oportunidade aos alumnos/as de practicar o idioma que aprenden cunha persoa nativa dun país onde se fala a lingua estranxeira que están estudando.
- Apoiar aos docentes baixo a coordinación e supervisión do seu titor, colaborando co docente no desenvolvemento e adquisición de competencias clave.
- Axudar na planificación das clases.
- Reforzar as destrezas orais do alumnado, promovendo a difusión cultural relacionándose constantemente co alumnado.
- Fomentar a motivación e interese pola lingua e a cultura do seu país de orixe.
- Promover iniciativas de formación, e servir como fonte de ideas, de creatividade e de novos recursos.
- Desempeñar as funcións que as mestras consideren oportunas.

- Realizar prácticas específicas de conversación
- Aportar recursos didácticos, especialmente material auténtico do seu país de orixe
- Realizar outras tarefas afíns.

Obxectivos do auxiliar de conversa:

- Mellorar a competencia oral comunicativa dos/as alumnos/as.
- Realizar traballos por proxectos en lingua estranxeira.
- Promover os intercambios internacionais.

Seguimento

O traballo de supervisión do auxiliar de conversa será levado a cabo por:

- A nivel pedagóxico e en contacto cos proxectos e contidos que se desenvolverán ao longo do curso: M^a Esther Rodríguez Velasco (coordinadora).
- A nivel organizativo, acolléndoo no centro e axudando na súa adaptación, así como no control de asistencia e puntualidade: Marta Costas Álvarez (Xefa de Estudos).
- Ao longo do curso farase un seguimento do traballo do auxiliar de xeito coordinado entre a Consellería e o centro.
- O centro comunicará calquera incidencia de responsabilidade no traballo ou falta de asistencia non xustificada.

Avaliación

A avaliación de todos os aspectos relativos ao rendemento do Auxiliar e a valoración do programa quedará reflexada no formulario online que se cubrirá a finais de curso na páxina do Ministerio de Educación.

3.4. NOVAS INICIATIVAS.

3.4.1. PLAN PROXECTA.

O centro presentou a solicitude de participación en:

Plan Proxecta+: Donas de si

Institución: Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade. Subdirección Xeral de Promoción da Igualdade.

Ámbito: igualdade de xénero / educación emocional

Definición: O programa "Donas de si" consiste en desenvolver un proxecto relacionado coa visibilización e empoderamento das mulleres como pezas fundamentais do desenvolvemento da sociedade galega e como punto de partida para traballar na aula a igualdade e os estereotipos de xénero.

Vinculación cos ODS da Axenda 2030: ODS 5 Igualdade de xénero/ODS 4 Educación de calidade/ODS 10 Redución das desigualdades.

3.4.2. PFPP 2023-2024.

PFPP 2023/2024 15025487 – CEIP Campomaio

A entrada de oficio no Polo creativo trae como consecuencia novas necesidades formativas.

O segundo obxectivo consistirá en mellorar a competencia lingüística do profesorado mediante a aprendizaxe e aplicación de lingua de signos.

Obxectivos

- Mellorar a competencia lingüística do profesorado en lingua de signos.
- Iniciarnos nas posibilidades dos Polos Creativos.

Itinerarios

- Mellora da convivencia e benestar emocional-69-Competencia en educación inclusiva e coeducación.
- Polos Creativos-67-Competencia didáctica.

4. ANEXOS.

4.1. ANEXO I.

ACTUACIÓNS		RESPONSABLES	DESTINATARIOS	TEMPORALIZACIÓN
1	Constitución do DO	Orientadora	Integrantes do DO	Setembro
2	Elaboración e aprobación do Plan Anual de Actuacións do DO 2023-2024	Departamento de Orientación	Comunidade educativa	Setembro
3	Avaliación inicial de dificultades de alumnado con NEAE	Orientadora, mestras de AL, PT e titores/as	Alumnado	Setembro
4	Proposta de organización de apoios especializados de PT, AL e ordinarios para atención ás NEAE	Orientadora	Equipos docentes e alumnado con NEAE	Setembro
5	Cumprimentar, para o seu trámite, becas NEAE	Orientadora, director, inspector	Ministerio de Educación	Setembro
6	Trámites co EOE: recoñecemento de NEAE e dotación de recursos específicos	Orientadora, inspección, EOE	Alumnado con NEAE do centro e de nova admisión	Ao longo do curso
7	Colaboración e apoio á función titorial	Orientadora e profesorado	Alumnado e familias	Todo o curso
8	Cumprimentar Drdadi e Drdorienta	Orientadora	Dirección Xeral	Outubro/xuño
9	Participación no DO dos IES Maruxa Mallo de Ordes	DO IES	DO IES	Todo o curso
10	Actualización, de ser o caso, do Plan de Orientación e dos	Departamento de Orientación	Comunidade educativa	Ao longo do curso

	seus respectivos programas			
11	Elaboración de circulares informativas do DO	Orientadora	Comunidade educativa	Ó longo do curso
12	Avaliacións psicopedagóxicas e elaboración de informes	Orientadora	Equipos docentes, alumnado, familias	Ó longo do Curso
13	Adaptacións curriculares. Planificación, trámite	Orientadora	Equipos docentes, profesorado de apoio e Xefatura de Estudos	Ó longo do Curso
14	Reunións do DO Convocatorias e actas	Orientadora	Integrantes do Departamento de Orientación	Ó longo do Curso Previa convocatoria
15	Reunións semanais de seguimento de intervencións especializadas PT/AL	Orientadora	Orientadora e especialistas de PT e AL	Ó longo do Curso
16	Coordinación e desenvolvemento do Plan de Tránsito á ESO	Xefaturas de DO dos IES e do CEIP Campomaior	Equipo docente e alumnado de 6º de EP	Segundo e terceiro trimestres
17	Actualización expedientes psicopedagóxicos	Orientadora	Expediente psicopedagóxico do alumnado	Ao longo do curso
18	Colaboración con entidades externas: pediatras, especialidades clínicas, Mancomunidade, ONGs, USC,... e cos equipos externos de apoio: SAT, Servizos Sociais, Cruz Vermella,...	Departamento de Orientación e responsables das entidades	Profesorado e Alumnado do Centro	Ao longo do curso

19	Xestión do orzamento do DO	Orientadora	Departamento de Orientación e equipo directivo	Ao longo do Curso
20	Xestión da biblioteca do DO	Orientadora	Comunidade educativa	Ó longo de Curso
21	Plan de actuación con ACNEAE	Equipos docentes	Alumnado con NEAE	Ó longo de Curso

As actividades do DO poderán ser obxecto de modificación ao longo do curso.

Seguimento e avaliación

Durante o curso escolar realizarase o seguimento das actuacións previstas e no remate do Curso elaborárase unha avaliación sobre o desenvolvemento das mesmas.

Aprobación

Este Plan foi aprobado na sesión ordinaria do Departamento de Orientación celebrada o día 3 de outubro de 2023.

4.2. ANEXO II.

PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO



CEIP CAMPOMAIOR

ÍNDICE

1. Introducción.
2. Marco legal.
3. O contexto sociolingüístico.
4. Criterios para determinar a lingua predominante do contorno.
5. Linguas que se deben empregar nas áreas e niveis.
6. Medidas de apoio e reforzo para garantir os obxectivos de fomento do plurilingüismo.
7. Medidas para acadar a competencia lingüística do alumnado.
8. Medidas de apoio e reforzo para o alumnado.
con insuficiente dominio das linguas.
9. Avaliación do proxecto.
10. Anexos.

1 .INTRODUCCIÓN

Tal como se recolle no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as linguas constitúen un valor fundamental de cohesión na nosa comunidade. O artigo 3 da Constitución española establece, no seu punto 1º, que o castelán é a lingua oficial do Estado, e, no punto 2º, que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos, e sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

O Proxecto lingüístico do centro (PLC) inclúese dentro da normativa que está orientada á obtención dunha competencia axeitada do galego no ensino obrigatorio, co fin de propiciar a igualdade plena e efectiva entre as dúas linguas oficiais por parte de todos os escolares e garantir a mesma competencia entre o galego e o castelán.

O marco normativo deste PLC baséase no marco lingüístico establecido pola Constitución española de 1978 e polo Estatuto de autonomía de Galicia de 1981. Alén diso, desenvolve a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no relativo ao uso do galego no ensino nos niveis non universitarios, e a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Este curso 2023/2024 elaboramos un novo PLC con base no Decreto 79/2010, do 20 de maio, cunha comisión do profesorado do centro nomeada polo equipo directivo e logo de ouvir a Comisión de Coordinación Pedagóxica, segundo se establece no artigo 14 deste decreto.

2 .MARCO LEGAL

O presente documento baséase na normativa vixente e ten como principais referentes legais os seguintes:

- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, após os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.

3 .O CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

LOCALIZACIÓN DO CENTRO

O CEIP Campomaioir está situado na vila de Ordes, concello economicamente cinguido ao sector primario que, nas derradeiras décadas do século XX, acadou importante desenvolvemento do secundario, especialmente na industria téxtil, e dos servizos na zona urbana. As circunstancias actuais de desemprego tamén afectan a Ordes: segundo os datos aportados pola Oficina local de Emprego, o noso Concello rexistra un índice de desemprego de un 20%.

Actualmente, o Concello de Ordes conta con unha poboación ó redor dos 13000 habitantes, dos que uns 6000 residen na zona urbana. Presenta un índice positivo de crecemento vexetativo que se reflicte no incremento da ratio alumno/aula nos derradeiros anos.

O Concello de Ordes, con unha extensión de 158 km², atópase entre as cidades de A Coruña e Santiago. É o centro de unha comarca predominantemente rural, cuxos concellos se agrupan na Mancomunidade da Comarca de Ordes integrada por Cerceda, Frades, Mesía, Oroso, Tordoia e Trazo; esta entidade ofrece distintos tipos de servizos mantendo, o noso centro educativo, estreita relación con algúns deles.

No presente curso escolar 2023/24 realizouse unha nova enquisa para coñecer a situación sociolingüística da comunidade educativa: pais e nais, alumnado e profesorado e tiráronse delas os seguintes resultados:

ENQUISA DE NAIS E PAIS

Cuestionario para as [familias](#).

DATOS OBTIDOS

pendiente

ENQUIISA DO PROFESORADO

Cuestionario para o [profesorado](#).

DATOS OBTIDOS

pendiente

ENQUIISA DO ALUMNADO DE 5º E 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

Cuestionario para o alumnado de [5º e 6º](#) educación primaria.

DATOS OBTIDOS:

Pendiente.

A SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

Preto do 90% do alumnado do CEIP Campomaioir é oriúndo de Galicia. O resto procede de outras Comunidades ou do estranxeiro(8,5%) maioritariamente de países Latinoamericanos e Norte de África . O uso da lingua galega dentro do colexio está totalmente normalizado; é a lingua vehicular para a documentación administrativa, a páxina web, carteis, comunicacións escritas ás familias...

Como norma xeral, emprégase en todas as actividades extraescolares se ben nalgunhas ocasións, e de xeito xustificoado, recórrese ao uso da outra lingua oficial ou outro idioma co obxectivo de potenciar o coñecemento das tres, como ao presentar un vocabulario determinado en relación cun tema ou en actuacións: cancións, obras de teatro... que se desenvolvan dentro das áreas de lingua castelá ou inglesa e, ocasionalmente, en momentos en que pesa máis o contido que se traballa que a lingua en que se acha o recurso.

A biblioteca escolar, que está aberta durante todos os períodos de lecer e polas tardes, tamén ten en conta a existencia de recursos en galego. Alén diso, hoxe en día podemos achar numerosos libros de lectura, de consulta, en idioma galego, un fondo que se actualiza periodicamente.

No que atinxe á lingua de comunicación do persoal docente nas súas relacións coas familias do alumnado, véñse utilizando maioritariamente o galego aínda que ás veces se adapta ás circunstancias.

O persoal non docente utiliza maioritariamente o idioma galego.

A ANPA emprega o galego no seu grupo de whatsApp. Nos escritos que saen do centro adoita empregar o galego, aínda que algúns carteis ou comunicados son editados en castelán.

A lingua empregada nas actividades que xestiona a ANPA tamén depende dos monitores e das monitoras e non existe unha regulación, normativa nin instrución desta asociación sobre o uso do idioma.

O EDLG está formado por membros do profesorado que representan os diferentes niveis educativos que se imparten no centro co fin de fomentar a dinamización da lingua e de participar, ao longo do curso, en actividades de todo tipo que potencian, prestixian e dinamizan o noso idioma.

4 CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA PREDOMINANTE DO CONTORNO

Atendendo ao disposto no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, que establece que o centro determinará a lingua predominante do alumnado fixóselles a enquisa aos pais e ás nais do alumnado de 4º de Educación Infantil, ao profesorado, as familias e ao alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria..

Segundo as enquisas realizadas no primeiro trimestre deste curso 2023/24, entre os grupos citados no parágrafo anterior, podemos determinar que a lingua maioritariamente usada polas familias, o profesorado e o alumnado é o galego.

5. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS ÁREAS E NIVEIS

TRATAMENTO DAS DISTINTAS LINGUAS

Atendendo ao Decreto 79/2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia e á Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan os centros plurilingües, para ter tal consideración, deberíamos reunir, entre outros, os seguintes requisitos:

1. Impartir en lingua estranxeira até un máximo dun terzo do horario lectivo dun grupo de alumnos e alumnas.
2. Dispor de profesorado cualificado para impartir as materias non lingüísticas en lingua estranxeira en toda a etapa.

O noso centro é bilingüe, impártese en lingua inglesa a materia de inglés e plástica en primaria.

EDUCACIÓN INFANTIL

A lingua galega será utilizada, como mínimo, igual que a lingua castelá; terase sempre en conta a lingua materna de cada neno ou nena e fomentarase a adquisición progresiva da lectura e da escritura en galego, no sentido de que este se converta no idioma base da aprendizaxe, de xeito que o alumnado obteña unha competencia que lle permita comunicarse normalmente en galego co alumnado e profesorado.

A principios de curso preguntóuselle ás familias do alumnado de 4º de Educación Infantil cal era a lingua predominante, cos resultados seguintes:

- Total de alumnas e alumnos matriculados: 16
- Alumnado co galego como lingua predominante: 10
- Alumnado co castelán como lingua predominante: 5
- Alumnado co galego e castelán indistintamente: 1

Nesta etapa e, de acordo co disposto no Decreto 79/2010 e coa Instrución para a aplicación deste decreto após os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este, o profesorado emprega na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, que é o castelán, e favorece e procura que o alumnado adquira de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, o galego.

Para cumprir o establecido no punto 4 do artigo 5º do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia segundo o cal cada centro educativo debe facer constar no seu proxecto lingüístico as actividades e estratexias de aprendizaxe empregadas para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas oficiais, o profesorado do centro empregará a lingua galega nas seguintes actividades e estratexias de aprendizaxe:

- Na asemblea de inicio das clases, media hora diaria.
- Na materia de Educación Musical, unha hora semanal.
- Na 4ª hora, na denominada «hora do conto».
- Nas actividades do profesorado de apoio, sete horas semanas.

EDUCACIÓN PRIMARIA

Impartiranse en galego as seguintes materias:

- En 1º: L. Galega, Ciencias Sociais e da Natureza, Ed. Física e Música e Danza.
- En 2º: L. Galega, Ciencias Sociais e da Natureza, Ed. Física e Música e Danza.
- En 3º: L. Galega, Ciencias Sociais e da Natureza, Ed. Física e Música e Danza.
- En 4º: L. Galega, Ciencias Sociais e da Natureza, Ed. Física e Música e Danza.
- En 5º: L. Galega, Ciencias Sociais e da Natureza, Ed. Plástica e Visual e Música e Danza.
- En 6º: L. Galega, Ciencias Sociais e da Natureza, Ed. Plástica e Visual, Valores Cívicos e Éticos e Música e Danza.

6 MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA GARANTIR OS OBXECTIVOS DE FOMENTO DO PLURLINGÜISMO E MEDIDAS PARA ACADAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO

Accións centradas no uso do galego (oral e escrito). Aspectos visuais e documentais do centro:

- Empregar o galego nos documentos de relación coas familias e co contorno social: correspondencia, boletíns de cualificacións, publicacións, comunicados...
- Elaborar en galego toda a documentación administrativa e pedagóxica.
- Normalizar o galego nos diferentes selos empregados na vida administrativa: o oficial do centro, os rexistros de entrada e saída, da biblioteca...

Fomento xeral do uso do galego:

- Darlle pulo á utilización das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) e promover a súa identificación co uso do galego: programas informáticos en galego, utilización dos diversos recursos que ofrece Internet, creación de weblogs colectivos, uso de chats, videoconferencias...
- Recompilar material informático que lle axude ao profesorado a traballar en galego: tradutores, correctores, ferramentas informáticas para a elaboración de recursos dispoñíbeis no Portal da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

- Colaboración co contorno: Como o centro tamén distribúe material informático doutras entidades (Centro Cívico, Concello, ANPA...), debemos manter contacto para solicitar que inclúan a información en galego.

Sobre a creación de actitudes positivas:

Organizar campañas orientadas á desaparición dos prexuízos lingüísticos. Estas campañas poderán estar destinadas ás familias, ao profesorado e ao alumnado.

7 MEDIDAS PARA ACADAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO

Accións centradas no uso do galego, oral e escrito:

- Presentar en galego todo tipo de carteis, letreiros, avisos...
- Presentar en galego a páxina web do centro e promover, por medio de diversas ligazóns, a consulta doutras páxinas de interese.

Usos lingüísticos cotiáns orais:

- Empregar a lingua galega por parte do profesorado nas conversas que manteñan entre si, coas familias, co alumnado e co persoal non docente.
- Usar a lingua galega en todos os actos que organice o centro: reunións de pais e nais, festivais, conferencias...
- Utilizar o galego na megafonía.

Fomento xeral do uso do galego:

- Editar en galego as publicacións do centro, tanto en soporte papel como en formato electrónico.
- Fomentar, a través de xogos e doutras actividades lúdicas, o uso do galego nas actividades informais do alumnado.
- Pór o alumnado en contacto coa realidade actual do país, mediante a realización de visitas de carácter didáctico que lle permita coñecer a presenza da lingua na Galicia actual, sobre todo nas actividades socialmente prestixiadas.
- Fomentar a formación de grupos de teatro, musicais, deportivos... que desenvolvan a súa actividade en galego.

Sobre a creación de actitudes positivas ou outros obxectivos:

- Xeneralizar, dentro do posible, o emprego da lingua galega en todos os comunicados do Centro.
- Potenciar o uso da lingua galega nas relacións entre os membros da comunidade educativa.
- Valorar e desenvolver actividades favorecedoras do coñecemento da nosa cultura: historia, tradicións, etnografía, literatura,...
- Colaborar na valoración, potenciación e recuperación de vocabulario e expresións comúns do entorno, así como das manifestacións tradicionais (orais, etnográficas, musicais, literarias, lúdicas - xogos populares-).

- Utilizar, promover e divulgar a lingua galega en todas as actividades que se leven a cabo no Centro.
- Promover a lectura, fala, comprensión e escritura na lingua propia da nosa Comunidade.
- Valorar a historia e cultura propias deseñando programas de coñecemento das mesmas.
- Manter informada á comunidade educativa de acontecementos vinculados coa cultura galega na zona: exposicións, festexos, revistas, concursos...
- Dotar ao centro dos materiais curriculares axeitados para o coñecemento da lingua e cultura galegas.
- Facilitar a asistencia ao colexio de ilustradores, escritores, contacontos, grupos teatrais e de música tradicional, ou persoeiros relevantes da escena pública, que promovan a lingua e cultura galegas.
- Dotar á biblioteca e ás aulas de materiais informáticos e audiovisuais en galego, e promover o seu uso.
- Fomentar o uso das TICs empregando o galego.
- Posibilitar a integración do alumnado que non posúa coñecemento suficiente da lingua predominante, atendendo á inmersión lingüística do alumnado inmigrante.
- Manter e promover relacións abertas co Concello, Asociacións veciñais, ANPA e outros Equipos de Dinamización da Lingua Galega.
- Informar e implicar ás familias no proceso dinamizador e normalizador.
- Traballar cara a consecución dunha boa competencia nas dúas linguas oficiais.

Estas medidas irán dirixidas a lle dar un pulo significativo á visibilidade da lingua, á procura da adquisición dunha competencia práctica no idioma e á conformación de actitudes positivas. Trátase de acadar unha visibilidade permanente da lingua galega no centro e de facer dela unha lingua «próxima» tanto nas aulas como fóra delas.

Para iso, dentro do ámbito das Actividades Complementarias e das do EDLG desde o centro, realizamos para este período escolar as seguintes actividades:

- Divulgación da música galega a través da megafonía.
- Celebración de festas e tradicións galegas: magosto, día da muiñeira,...
- Exposicións interclases de traballos e contacontos
- Recompilación de cantos de nadal e de cantigas para seguir ampliando os documentos iniciados en cursos anteriores.
- Colaboración con diferentes asociacións: AECOR, Concello, ANPA, museo do Traxe,...
- Conmemoración do Día das Letras Galegas. Dedícaselle a esta data a semana enteira.
- Realización de vinilos para as escaleiras con frases feitas.
- Visualización das actividades mediante a páxina web do centro.
- Revisión e actualización dos fondos da biblioteca.
- Participación no Tíralle da Lingua.
- Visitas ao Museo Do Pobo Galego.
- Empregar o podcast para dar a coñecer a diversos persoaxes relevantes da cultura galega.

- Dar a coñecer aparellos e máquinas empregados fai anos no rural coa actividade “tempos traen tempos”.

8 MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O USO LINGÜÍSTICO CORRECTO E PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS

O presente apartado abrangue aquelas medidas de carácter organizativo e curricular que sexa preciso desenvolver no caso de alumnos/as que presenten un déficit lingüístico ou insuficiente dominio das linguas. O primeiro eslabón na detección de necesidades é o/a mestre/a titor/a, que a partir da avaliación inicial e continua, identificará as necesidades existentes e aplicará as medidas preventivas e de axuste ordinario ao seu alcance. Cando a valoración de necesidades desborde as posibilidades do/a titor/a, éste recurrirá ao Departamento de Orientación que levará a cabo a preceptiva avaliación psicopedagóxica regulada na Orde do 31 de outubro de 1996. A partir da detección e valoración inicial das necesidades organizaranse os apoios e estableceranse as medidas pertinentes, tanto de apoio en aula por parte dos profesores que teñan horas dispoñibles como do profesor/a de Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe se fora preciso.

Subliñar que no caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo o ensino desenvolverase na súa lingua materna, sen prexuízo de que progresivamente poidan aprender a segunda lingua, previa valoración individual de cada caso. Para o alumnado estranxeiro, o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia, establece que a administración elaborará un plan dirixido ao alumnado con necesidades educativas especiais, que asegura a capacitación lingüística nas linguas oficiais. Por outro lado, dispoñemos da Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro, segundo a cal os alumnos que descoñezan ambas linguas cooficiais, poderán incluírse en grupos de adquisición das linguas a partir dos cinco anos. Por último, tendo en conta que practicamente a totalidade do alumnado do noso centro é galego falante destacar que os/as alumnos/as que descoñezan a lingua galega estarán inmersos nun contexto que favorecerá a rápida adquisición da mesma, especialmente no plano oral.

9 AVALIACIÓN

Segundo o artigo 14º do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, o Proxecto lingüístico do centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar.

Previamente, realizarase unha valoración deste PLC na Comisión de Coordinación Pedagóxica, e as propostas que xurdan enviaránselle ao Claustro do Profesorado para o seu debate na reunión correspondente. As conclusións expóranse no Consello Escolar, e este, como xa indicamos, aprobará o Proxecto lingüístico do centro.

O proxecto remitiráselle ao Servizo de Inspección Educativa, unha vez revisado e actualizado, cada catro cursos escolares.

Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal consten:

- Os resultados das preguntas aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado en educación infantil para obter información a respecto da lingua materna predominante entre este e das actividades e estratexias de aprendizaxe para que os alumnos e alumnas adquiran, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
- Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información dos que se van desenvolver no seguinte.

Se houber unha modificación na docencia de materias, informarase sobre as mudanzas aprobadas polo centro e autorizadas pola consellería competente en materia de educación.

10. ANEXOS

- Cuestionario para o [profesorado](#).
- Cuestionario para as [familias](#).
- Cuestionario para o alumnado de [5º e 6º](#) educación primaria.

A continuación móstranse os datos obtidos nos diferentes cuestionarios:

- Profesorado:
- Familias:
- Alumnado de 5º e 6º:

Esta Programación Xeral Anual (PXA) foi aprobada e valorada positivamente polos integrantes do Claustro e Consello Escolar do CEIP CAMPOMAIOR de Ordes en sesión ordinaria celebrada o 17 de outubro de 2023.